

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 18 DE XANEIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Meis da estrada provincial EP-9401 desde o p.q. 0+000 ao p.q. 0+320.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula o réxime xurídico e o rexistro de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta para a execución do plan de sustentabilidade turística en destino O Condado-A Paradanta destino enogastronómico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o Proxecto Breogán de construción dunha planta industrial Power-to-Liquid (PtL) de produción de hidrocarburos sintéticos, promovido por Greenalia, S.A., no concello de Curtis (A Coruña).
- Acordo polo que se toma razón da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da Resolución do 27 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas para a atracción de empresas a Galicia, susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se realiza á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se crea o Centro Galego de Control das Enfermidades.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de economía social horizonte 2027.
- Acordo polo que se toma razón das actividades levadas a cabo no marco da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego no ano 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o impulso da boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o impulso de novas actuacións prioritarias en materia de estradas na provincia de Lugo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a potenciación das aprendizaxes STEM: Programa do bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a evolución da Estratexia da horta de Galicia 2023-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Resolución do 4 de agosto de 2023, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrència non competitiva, de compensación ás empresas que desenvolvan actividades de comercialización e transformación dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura como consecuencia da guerra de Ucraína, cofinanciadas co Fondo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MEIS DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL EP-9401 NA PARROQUIA DE SAN TOMÉ DE NOGUEIRA

- Transfíreselle á entidade local o treito inicial de 320 metros no lugar de Arcos, que percorre a travesía de Meis e San Salvador ata o enlace coa autovía do Salnés
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello de Meis terá a competencia para actuar neste treito de vía e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Meis dun treito da estrada provincial EP-9401, na parroquia de San Tomé de Nogueira.

Trátase, concretamente, do treito inicial desta estrada provincial, no lugar de Arcos, que suma 320 metros e percorre a travesía de Meis e San Salvador ata o enlace coa autovía do Salnés (AG-41).

O Concello de Meis e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade desta vía.

Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito da estrada provincial EP-9401, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+320.

A transferencia a prol do Concello de Meis tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Meis terá a competencia para actuar neste treito da estrada EP-9401 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO PARA REGULAR O RÉXIME XURÍDICO E O REXISTRO DOS MONTES DE VARAS CO FIN DE POTENCIAR A SÚA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- De xeito paralelo, o Diario Oficial de Galicia publicará mañá unha orde de axudas destinada a impulsar a boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais que por primeira vez inclúe tamén os de varas e que estará dotada inicialmente con preto de medio millón de euros
- Con este decreto dáse cumprimento á lexislación vixente e ás previsións do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” e preténdese potenciar a xestión destes montes para que resulte dinámica e actual, ao mesmo tempo que contribúe a favorecer un monte ordenado
- Os montes abertais, de varas, de voces ou de fabeo -distintas denominacións para a mesma figura- son aqueles conservados en pro indiviso, nos que os seus copropietarios tiñan ou manteñen o costume de se reunir para repartir entre si porcións determinadas de monte ou searas para o seu aproveitamento privativo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto para regular o réxime xurídico e o rexistro dos montes de varas. Este tipo de terreos forestais teñen unha relevante importancia económica, social e ambiental na economía galega, vencellada tanto á explotación e aproveitamentos propiamente forestais como agrícolas.

Cabe sinalar que este decreto satisfará unha demanda histórica das comunidades que teñen por obxecto os montes de varas en Galicia, outorgándolles seguridade xurídica en materia de organización e funcionamento e regulando o seu rexistro administrativo. Na actualidade están contabilizados 52 montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo -diferentes denominacións desta figura orixinaria do dereito romano- que totalizan unha superficie de 11.255 hectáreas, principalmente na provincia de Lugo, cun 92,31% do total.

Características dos montes de varas

Os montes de varas son aqueles conservados en pro indiviso, nos que os seus copropietarios tiñan ou manteñen o costume de se reunir periodicamente para repartir entre si porcións determinadas de monte ou searas para o seu aproveitamento privativo. Estas asignacións de monte dividiranse en función do número de titulares que haxa e a súa adxudicación decídese xeralmente pola sorte.

Habitualmente os aproveitamentos de pastos e leña eran usados por todas as persoas comuneiras, pero á hora de facer rozas, a cada casa da aldea adxudicábenselle as varas que lle corresponderan. A diferenza do que acontece no caso dos montes veciñais en man común neste tipo de montes o copropietario ten liberdade de transmitir as súas cotas en todo ou en parte, por calquera título ou negocio xurídico transmisivo, sendo posible a división destas terras e a consecuente extinción da copropiedade segundo o costume. Outra diferenza cos montes veciñais en man común é que o feito de ser persoa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

veciña titular dunha explotación económica vinculada aos aproveitamentos propios do monte non atribúe a condición de copropietaria.

Descarbonización

A xestión e o aproveitamento destes montes en Galicia mudou de xeito considerable nos últimos anos, incluíndo novos paradigmas, moitos deles ligados ao bosque na súa contribución ás políticas de descarbonización. Esta nova realidade fai necesaria unha regulamentación axeitada.

Neste contexto, ademais de dar cumprimento á lexislación vixente e ás previsións do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica" regulando o réxime xurídico e o funcionamento deses montes de varas, o decreto pretende potenciar a súa xestión, para que resulte máis dinámica e actual, ao mesmo tempo que contribúe a favorecer un monte ordenado.

O decreto está dividido en seis capítulos principais conformados por trinta artigos, seis disposicións e varios anexos na procura de acadar un triplo obxectivo; centrado no desenvolvemento do réxime xurídico dos montes denominados de varas e das comunidades de persoas copropietarias; na regulación do rexistro administrativo e na habilitación dun procedemento na sede electrónica para xestionar as solicitudes dunha primeira asemblea xeral de copropiedade de montes de varas.

O primeiros capítulos están vencellados a cuestións relacionadas co concepto de natureza desta tipoloxía de montes e ao ámbito de aplicación da norma; á súa organización e funcionamento e ao seu rexistro. Mentres tanto, os capítulos IV, V e VI están destinados á comprobación de datos e notificacións; ao fomento da xestión forestal sostible e á protección, división e extinción dos montes de varas.

Incluídos por primeira vez nas axudas á boa gobernanza

Cómpre lembrar que mañá, logo de elevarse hoxe ao Consello da Xunta, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a convocatoria dunha liña de axudas para impulsar a boa gobernanza nas entidades de xestión dos montes veciñais en man común e dos montes de varas cun montante inicial (que está previsto incrementar) de 490.000 euros, dentro do apoio do Goberno autonómico a estas figuras. Como novidade nesta convocatoria, inclúese por primeira vez a posibilidade de subvencionar os montes de varas.

Estas achegas enmárcanse no Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia (PRTR) de España, máis concretamente na compoñente 4, enfocada na "conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade"; que ten como obxectivo alcanzar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e reverter a perda de biodiversidade, garantido un uso sostible dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos.

Ao mesmo tempo, esta convocatoria está vencellada co Eixo III da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", que ten como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

finalidade adoptar as medidas estruturais e dinamizadoras, para o monte e a propiedade forestal galega, necesarias para procurar unha plena actividade forestal que xere rendas e emprego para o medio rural, contribuíndo á fixación da poboación no rural, á conservación e mellora do ambiente e ao desenvolvemento socioeconómico sustentable do sector forestal galego na súa incorporación á bioeconomía e á economía circular e ás enerxías renovables.

Neste sentido, poderán ser obxecto de axudas as actuacións relacionadas coa revisión de esbozos das carpetas-ficha en montes en man común ou en montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo. Esta actuación consiste na revisión total ou parcial dos esbozos de montes que integran un expediente que, pola súa antigüidade, non reúnen as características de fiabilidade e precisión que esixen as novas técnicas topográficas, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios. Por outra banda, serán subvencionables tamén as actuacións para os deslindamentos parciais entre estes montes.

Cabe sinalar que estas achegas subvencionarán o 100 % do gasto elixible. Con todo, o importe de axuda a percibir por entidade beneficiaria non poderá superar os 20.000 euros (IVE incluído).

A convocatoria publicarase mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e o prazo para presentar solicitudes será de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación. Así, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte da finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo máximo para presentar a xustificación das actuacións subvencionables é o 1 de setembro de 2025, e só serán subvencionables os gastos realizados e efectivamente pagados entre a data de resolución de aprobación da axuda e a data final de xustificación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA DE 1,5 M€ AO REDOR DA ENOGASTRONOMÍA EN 10 CONCELLOS DO CONDADO-A PARADANTA

- O Consello dá luz verde a un convenio coa Asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta para reforzar turisticamente estes territorios no horizonte 2026
- Beneficiará os concellos da Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño
- É unha das 13 estratexias que benefician 80 concellos e que se inclúen no Plan territorial de enogastronomía de Galicia con fondos Next Generation

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración coa asociación de Desenvolvemento Rural Condado-Paradanta para a posta en marcha do Plan de sostibilidade turística en destino por valor de 1,5 M€ nos 10 concellos da comarca que representa esta entidade. Inclúe medidas que potenciarán as posibilidades que a enogastronomía ofrece neste territorio coa creación de rutas e experiencias enogastronómicas, a posta en marcha de traballos de investigación sobre gastronomía ou un reforzo da formación do sector, entre outras.

O plan contará con propostas nos 10 concellos da comarca: A Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. O plan ten unha folla de ruta ata 2026 e inclúe distintas actuacións estratexias que procuran a mellora da xestión turística do destino pondo en valor a súa enogastronomía. Entre elas, inclúese a posta en marcha de propostas ao redor da recuperación do río Tea, a posta en valor do potencial gastronómico da agrogandaría, a elaboración de itinerarios ao redor da gastronomía, a creación de experiencias enoturísticas e a incorporación de talento turístico ou o deseño de plans de formación para os profesionais, entre outras.

Máis de 34 M€

Esta nova folla de ruta inclúese no Plan territorial de sustentabilidade turística enogastronomía de Galicia que a Xunta lanzou o ano 2023 cun investimento de 34,5 M€ ata o ano 2025 dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo.

Este plan territorial galego inclúe a posta en marcha de medidas destinadas ao sector de todo o territorio como axudas ao embelecemento e adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria ou a potenciación da mobilidade sustentable, entre outras. Tamén inclúe a posta en marcha de 13 plans de sustentabilidade turística en destino –como o autorizado hoxe– dos cales se beneficia un total de 80 concellos galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE HIDROCARBUROS SINTÉTICOS EN CURTIS

- Greenalia e P2X- Europe promoven esta actuación, na cal investirán 311 M€
- O proxecto Breogán ten como obxectivo a posta en marcha dunha instalación pioneira a nivel mundial da tecnoloxía Power-to-Liquid (PtL) que produza aproximadamente 20.000 toneladas ao ano de hidrocarburos sintéticos intermedios, destinados á súa conversión en produtos finais para os sectores da aviación, o transporte e as industrias química e farmacéutica

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria do proxecto Breogán, promovido por Greenalia e P2X-Europe para a construción dunha planta de produción de hidrocarburos sintéticos en Curtis, cun investimento de 311 M€ e que axudará a descarbonizar sectores como os da aviación, o transporte ou a industria química e farmacéutica.

A iniciativa, que se situará no polígono industrial de Curtis-Teixeiro (A Coruña), consiste nunha planta industrial Power-to-Liquid (PtL), unha tecnoloxía que ofrece solucións respectuosas co clima, sustentables e neutras en carbono para a produción de produtos sintéticos, químicos e petroquímicos.

En concreto, agárdase contar cunha instalación pioneira a nivel mundial desta tecnoloxía que produza ao redor de 20.000 toneladas de hidrocarburos sintéticos intermedios. Os promotores desenvolverán, construírán, operarán e financiarán unha planta de PtL integrada verticalmente para producir e-fueis sintéticos con usos na aviación e no transporte, así como ceras sintéticas cun alto valor engadido na industria química – candeas, pinturas ou pneumáticos, entre outros usos–, así como na industria farmacéutica, cosmética e alimentaria.

O proxecto precisa dunha unidade de produción de hidróxeno que utilizará electricidade con orixe en fontes renovables; capturarán carbono; purificaranse ambos os dous gases para crear gas de síntese e, posteriormente, formaranse os hidrocarburos.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 311 M€) e complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso, ademais, contribuirá a fixar poboación no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, xa son 24 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e que están lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba), Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes), a planta biotecnolóxica In Proteins for All en Curtis, o centro de Borgwarner en Nigrán, a planta de hidróxeno verde de Accionaplug en Arteixo e agora este proxecto en Curtis.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

Desde este ano, na estratexia dirixida á atracción de investimentos industriais e ao avance na redución de burocracia, a Xunta de Galicia incorpora novidades na tramitación de proxectos industriais, como o novo plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, no cal poden incluírse os proxectos que superen os 800.000 euros e teñan incidencia no tecido industrial, ou a extensión da figura dos proxectos industriais estratéxicos a proxectos de menor envergadura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 3,5 M€ Á MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS

- O Consello informa da apertura, este mes, dunha nova convocatoria deste programa de axudas de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos
- Os apoios terán unha intensidade do 80 % para mellora de iluminación, depuración de augas, xestión de residuos, infraestruturas viarias ou instalacións de seguridade, contra incendios e contra o roubo de cable, así como servizos de subministración de gas ou hidróxeno

O Consello da Xunta informou na súa reunión desta mañá da apertura dunha nova edición do programa de axudas para a mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade, que recibirán en 2024 un total de 3,5 M€.

O Goberno galego publicará a convocatoria mañá no *Diario Oficial de Galicia*, que se manterá aberta ata o 19 de febreiro. Esta liña ten como obxectivo dar resposta ás novas necesidades que teñen estas instalacións co obxectivo de modernizalas e ofrecer un mellor servizo para favorecer a fixación e implantación de compañías, así como promover o emprego local.

Os apoios son de concorrencia competitiva e están dirixidos aos concellos galegos que queiran realizar melloras relativas á implantación de iluminación pública eficiente, plantas de depuración de auga, xestión de residuos, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade, contra incendios e contra o roubo de cable, así como servizos centralizados de subministración de gas e hidróxeno verde.

As axudas terán unha intensidade do 80 %, ata un límite máximo de 120.000 euros, nos casos de solicitudes individuais, e de 138.000 no caso de que sexan conxuntas. Prevensse, ademais, anticipos de ata o 25 % da axuda concedida.

Esta liña encaixa nas medidas que fomenta a Lei de implantación empresarial, na cal os concellos emprendedores teñen un papel fundamental á hora de colaborar co Goberno galego para achegarlles ás empresas beneficios fiscais, acceso ao solo e facilidades administrativas, a cambio de contar con prioridade en ordes de axudas como estas, na que recibirán unha maior puntuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINA 30 M€ A UNHA NOVA LIÑA PARA ATRAER INVESTIMENTOS E EMPRESAS POTENCIANDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA E A CREACIÓN DE EMPREGO

- Salienta que as achegas van dirixidas a proxectos empresariais “de certa envergadura” polo seu volume de investimento ou por crear un mínimo de 25 postos de traballo a tempo completo
- As axudas, cuxo prazo de presentación estará aberto ata o 30 de setembro, cobren ata o 35 % dos investimentos subvencionables ou dos custos salariais, no caso das compañías pequenas, e o 25 % nas iniciativas de empresas medianas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou a posta en marcha dunha nova liña de axudas para pemes coas que “promover proxectos empresariais de certa envergadura” polo volume de investimento ou polos postos de traballo que van crear. “Destinaranse 30 M€ ata 2026 co obxectivo de beneficiar a unha vintena de iniciativas”, dixo o titular do Goberno galego.

A finalidade deste novo programa “é seguir dinamizando a economía e dando un primer empurrón a este tipo de iniciativas”, segundo salientou o presidente.

A convocatoria, tal e como explicou Rueda, inclúe dous campos de actuación. Dun lado, atenderanse aqueles proxectos que contén cun investimento “de entre 800.000 e 10.000.000 de euros” en activos fixos tanxibles e intanxibles, obra civil, bens de equipamento, aplicacións informáticas ou adquisición de activos dun establecemento.

Doutro lado, apoiaranse as iniciativas empresarias de menor investimento, “pero que garantan a creación de 25 empregos indefinidos a tempo completo”.

As achegas cobren ata o 35 % dos investimentos subvencionables ou dos custos salariais de ata 24 meses de todos os novos contratados, no caso das compañías pequenas, e o 25 % nas iniciativas promovidas por empresas medianas.

A liña, dirixida ás pemes pola súa especial capacidade para xerar postos de traballo, busca facilitar así o impulso de proxectos de creación de novos establecementos, de ampliación da capacidade dos existentes e de diversificación ou de cambios dos procesos de produción.

A convocatoria, en concorrencia non competitiva, manterá aberto o prazo de presentación de solicitudes desde o día 22 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2024.

Con este programa innovador a Xunta aspira a favorecer a dinamización da actividade económica en Galicia e potenciar o mantemento e a creación de emprego, a través do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento e mellora das empresas existentes, e coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BUSCA ANTICIPARSE ÁS EPIDEMIAS COA CREACIÓN DO CENTRO GALEGO PARA O CONTROL E PREVENCIÓN DE ENFERMIDADES

- Será o responsable do asesoramento e da coordinación das estratexias e políticas de saúde pública
- Rueda salienta que o obxectivo é “responder con celeridade ás novas ameazas para a saúde da poboación”
- Destaca que reforzará a vixilancia epidemiolóxica coa análise das augas residuais, unha rede sentinela de vixilancia en oficinas de farmacia ou modelos de predición con intelixencia artificial
- Salienta que “estará en funcionamento no primeiro semestre deste ano” e contará con medio cento de profesionais da medicina, as matemáticas ou a bioloxía
- Galicia destacou na pandemia da COVID-19 por levar a cabo estratexias innovadoras para mellorar a abordaxe da situación epidemiolóxica con cribados masivos, auto-COVID, secuenciación nos hospitais galegos ou convocatorias proactivas de vacinación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai crear un Centro Galego de Control e Prevención de Enfermidades co obxectivo de “poder adiantarse a novas epidemias e problemas de saúde pública relevantes”. O centro, que se adscribirá á Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, será o órgano técnico especializado responsable do asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública, o que permitirá a toma óptima de decisións en cada momento co obxectivo último de mellorar a saúde da cidadanía galega.

Cómpre remarcar que a creación deste organismo é consecuencia do cumprimento dos mandatos das comisións creadas para o estudo das medidas que se deberán tomar tras a pandemia da COVID-19, tanto no Congreso dos Deputados como no Parlamento de Galicia, e que defendían un reforzo en materia de asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública.

Alerta precoz e proactividade

Unha das prioridades deste organismo, segundo explicou Rueda, é “responder con celeridade as novas ameazas para a saúde da poboación”. Para iso, o Centro vai desenvolver un novo modelo de vixilancia epidemiolóxica en Galicia, baseado na alerta precoz e proactividade.

O Centro de Control e Prevención vai seguir vixiando as enfermidades transmisibles, pero tamén incluírá datos no seu control de patoloxías non transmisibles, factores ambientais e condutuais. Cunha visión *one health* (concepto que busca aumentar a colaboración interdisciplinar no coidado da saúde das persoas, animais e ambiente), integraranse na vixilancia epidemiolóxica “a análise de augas residuais ou o impacto da calidade do aire” na saúde da poboación. Así mesmo, tal e como explicou Rueda,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

utilizará ferramentas tecnolóxicas como modelos de predición “con intelixencia artificial e Big Data”.

Na mesma liña de anticipación, a Xunta prevé un traballo en rede que estea á vangarda en ciencia, calidade e seguridade. Crearase a Rede galega de vixilancia das infeccións e de microbioloxía en saúde pública, así como “as redes sentinela de vixilancia en oficinas de farmacia”, coas cales predicir episodios epidemiolóxicos a través dos datos de dispensación de determinados medicamentos ou produtos sanitarios (por exemplo, tests diagnósticos para gripe ou COVID).

E ademais, o departamento sanitario galego continuará coas estratexias de detección precoz de determinados cancros e, no período neonatal, de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas, a través do programa de cribado máis amplo do Sistema nacional de saúde coa detección de 37 enfermidades.

Este Centro desenvolve así a Estratexia galega de saúde 2030, recentemente aprobada polo Executivo galego, que fixa como unha das prioridades de transformación do sistema sanitario a de adoptar un enfoque máis proactivo, incrementando a actividade que se realiza sen agardar á aparición dun problema de saúde: desde a actividade de vixilancia epidemiolóxica ata as accións de prevención como a vacinación ou os cribados para, deste xeito, mellorar o estado xeral de saúde e previr a aparición das enfermidades.

Estratexias innovadoras na abordaxe da pandemia

Este Centro Galego de Control e Prevención de Enfermidades afianzará o traballo da Dirección Xeral de Saúde Pública, que se situou á vangarda da abordaxe da pandemia con cribados poboacionais masivos, puntos de tests autocovid, secuenciación nos hospitais galegos ou convocatorias proactivas de vacinación. Con estas accións, a Xunta puido tomar, de forma anticipada, decisións de control da pandemia avaladas en datos científicos e na valoración de expertos de múltiples disciplinas e Galicia conseguiu acadar as maiores porcentaxes de cobertura vacinal fronte á COVID de toda España.

Por esta importancia de ter un sistema sanitario público preparado para responder as ameazas presentes e futuras, o Goberno galego inicia a tramitación da creación deste órgano, que nace da ampla experiencia no desenvolvemento de programas de saúde pública, como os cribados poboacionais de cancro, o calendario galego de inmunización ao longo de toda a vida ou, por exemplo, o control oficial no ámbito da seguridade alimentaria e a sanidade ambiental.

Tras tratar o tema no Consello da Xunta, o proxecto de decreto polo que se crea o Centro Galego de Control e Prevención de Enfermidades será publicado no Portal de transparencia para iniciar a tramitación correspondente. “A previsión é que comece a funcionar no primeiro semestre deste ano e estará constituído por medio cento de profesionais da medicina, enfermaría, matemática, psicoloxía ou veterinaria”, indicou o presidente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A II ESTRATEXIA DE ECONOMÍA SOCIAL, QUE BUSCA XERAR 4.000 EMPREGOS E O POSICIONAMENTO DESTA MODELO NOS SECTORES TECNOLÓXICO, VERDE E INDUSTRIAL

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a esta planificación con horizonte 2027 coa cal, cun orzamento de case 170 millóns, se pretende xerar máis economía social, atraendo máis talento, mellorando a competitividade e o crecemento en sectores emerxentes
- Conta con tres obxectivos estratéxicos que poñen o foco nas persoas, nas entidades e en crear unha estrutura de gobernanza que favoreza o traballo en rede
- Avoga pola creación de aceleradoras en economía social, a través dos polos de emprendemento, para a atracción de ideas e investimentos, pola identificación de oportunidades de negocio e pola posta en marcha dun campus formativo para a capacitación de axentes intermedios
- Aspira a crear 400 novas entidades, impulsar o traballo entre a mocidade e a presenza feminina, reducir o tempo de constitución a 37 días de media e a incrementar nun 25 % as firmas creadas en sectores emerxentes

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a II Estratexia de economía social de Galicia horizonte 2027, coa cal se aspira, entre outros, a xerar 4.000 empregos coa creación de 400 novas entidades e o posicionamento deste modelo de negocio nos sectores tecnolóxico e dixital, verde, industrial e sustentable.

Esta planificación, que parte dun orzamento próximo aos 170 millóns de euros busca mellorar as competencias das persoas e as capacidades das entidades da economía social para afrontar os retos do novo contexto socioeconómico e consolidar o crecemento continuo e sostible deste modelo en Galicia. Trátase de posicionar a economía social no conxunto da economía de mercado e nos distintos sectores grazas a súa transversalidade.

O documento conta, para iso, con tres obxectivos estratéxicos que poñen o foco nas persoas (na mellora da súa capacitación para atraer talento), nas entidades (para brindarlles máis capacidade competitiva) e na gobernanza (traballo en rede das entidades).

Para acadar o primeiro dos retos centrado nas persoas para atraer talento emprendedor, promover unha formación profesionalizada e personalizada e favorecer o crecemento sostible destas entidades en novos sectores e mercados estratéxicos para Galicia, o documento avoga pola posta en marcha dunha rede de aceleradoras, a través dos polos de emprendemento, para a atracción de ideas e investimentos; programas para a identificación de oportunidades de negocio ou a creación dun campus formativo para a capacitación de axentes intermedios e persoal de xestorías para xerar máis economía social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Crecedemento das entidades

A segunda Estratexia de economía social de Galicia tamén incide, no segundo obxectivo co foco posto nas entidades, no impulso da competitividade e no crecedemento deste modelo ao apostar por accións que apoiem a remuda xeracional, polos encontros de entidades de economía social para testar novos produtos e servizos, e sempre apostando polo desenvolvemento das novas tecnoloxías e pola innovación e pola investigación de novas posibilidades de negocio.

Por último, para conseguir dar resposta ao terceiro obxectivo, que se basea na gobernanza, propónse o deseño de medidas que favorezan a comunicación das iniciativas que permitan difundir e informar sobre o peso que ten a economía social en Galicia e accións que incidan na revisión de aspectos normativos que inflúan ou sexan clave para o emprendemento en economía social.

Seguir a impulsar a presenza feminina na economía social e facer que este modelo resulte atractivo á mocidade son dous dos puntos de partida do documento con que tamén se quere seguir a reducir o tempo de constitución das entidades a polo menos 37 días de media e profesionalizar o traballo do sector. O Goberno galego tamén aspira a incrementar nun 25 % as entidades creadas en sectores emerxentes.

En cifras

A economía social representa máis do 7 % do noso produto interior bruto (PIB), o que se traduce nun impacto anual en Galicia duns 850 millóns de euros. O último Informe da economía social de Galicia 2022, elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos de Galicia (Cecoop), dependente da Universidade de Santiago de Compostela (USC), co apoio da Xunta, reflicte que a creación de cooperativas segue batendo marcas e que Galicia é a terceira comunidade autónoma en constitución de sociedades laborais.

En concreto, en 2022 creáronse na Comunidade 142 cooperativas (a cifra máis elevada da serie histórica) con 542 socias e socios promotores, o 50 % deles mulleres. Tamén 24 sociedades laborais, con 58 socias e socios (41 % mulleres) e 7 centros especiais de emprego.

A nova Lei de cooperativas, na cal se está a avanzar de xeito participativo co sector, perseguirá axilizar a creación de entidades minimizando a burocracia, para continuar avanzando na cohesión social e do territorio, ao xerar emprego inclusivo e igualitario.

En definitiva, esta nova estratexia baséase no incremento da competitividade da economía social a través da mellora das competencias das persoas e das capacidades das entidades, no impulso deste modelo nos diferentes sectores económicos e sectores emerxentes, na súa capacidade para a transición dixital, verde e cohesionada e na mellora do coñecemento da propia economía social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 9,8 M€ PARA MANTER OS POLOS DE EMPRENDEMENTO QUE SE CONSOLIDAN COMO CENTROS PARA ATRAER NOVOS PROXECTOS DE DENTRO E DE FÓRA DE GALICIA

- Nos 12 centros activos na actualidade lévase atendido máis dun milleiro de persoas emprendedoras
- O 12 % das persoas asesoradas pola Rede son de fóra da Comunidade galega, das cales un 73 % procede do estranxeiro

A Xunta continúa co seu reto de darlle pulo ao emprendemento en Galicia. Así, o Goberno galego destinará en 2024 preto de 9,8 millóns de euros para manter a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego e para as axudas dirixidas aos proxectos que se puxeron en marcha ao abeiro desta iniciativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o financiamento dirixido a manter os polos que xa suman 12 na actualidade e que se consolidaron como centros para atraer novos proxectos empresariais de dentro e de fóra de Galicia. De feito, un 12 % das persoas emprendedoras que atendeu a rede nun ano e medio de funcionamento son de fóra da Comunidade galega, das cales un 73 % procede do estranxeiro.

Están en marcha, ata o de agora, os centros de Mondoñedo, Friol, Monforte de Lemos e A Fonsagrada (na provincia de Lugo); Coristanco, Melide e Ferrol (A Coruña); Silleda e O Porriño (Pontevedra); e Verín, O Carballiño e O Barco de Valdeorras (Ourense), 12 centros que prestaron asesoramento a un milleiro de proxectos.

O reto desta iniciativa é avaliar as potencialidades de negocio vinculadas aos territorios onde se desenvolvan. A Xunta de Galicia, a través dos polos de emprendemento, está a desenvolver unha nova forma de emprender, e acompaña as persoas emprendedoras en todas as súas etapas.

Nestes espazos ofrécense, entre outros, servizos de información sobre oportunidades de emprendemento, asesoramento personalizado para cada territorio, zonas de *networking*, captación de investimento, orientación e asesoramento en recursos físicos... Os usuarios, ademais, poden acceder a convocatorias anuais de axudas para a consolidación do seu investimento e a xeración de postos.

O persoal técnico desta rede préstales asesoramento individualizado ás persoas emprendedoras de Galicia en calquera fase en que estea o seu proxecto empresarial, de principio a fin. Estase a favorecer tamén o emprendemento feminino e na economía social, dando a coñecer este modelo á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego está a fomentar, deste xeito, a iniciativa empresarial para diversificar a actividade económica sobre o territorio a través da creación de emprego de calidade e o asentamento da poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 17 M€ A MELLORAR DÚAS ESTRADAS DA PROVINCIA DE LUGO QUE SON PRIORITARIAS PARA A VERTEBRACIÓN TERRITORIAL DO INTERIOR DE GALICIA

- Trátase da vía LU-710 que conecta a N-VI coa A-6 no concello de Baralla e a LU-540 que une Viveiro e Cabreiros
- Rueda resalta que o obxectivo é mellorar “a seguridade viaria” e favorecer “que dinamicen as zonas polas que discorren”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou que o Consello acordou na súa reunión semanal destinar 17,3 millóns de euros a realizar melloras en dúas estradas autonómicas da provincia de Lugo: na LU-710 e na LU-540. “Trátase de dúas infraestruturas prioritarias polo seu papel na vertebración territorial” do interior da comunidade galega, segundo salientou o titular do Goberno autonómico.

Tal e como explicou Rueda, o obxectivo destas actuacións é “mellorar a seguridade viaria” nestas estradas e que permitan “dinamizar as zonas polas que discorren”.

Entre as actuacións prioritarias está o acondicionamento da estrada LU-710 que conecta a N-VI coa A-6 no concello de Baralla. As actuacións consistirán na mellora e ensanchamento de 4,5 quilómetros e as obras licitaranse nas vindeiras semanas. Suporá un investimento de 2,3 millóns de euros.

Ademais, aumentarase a capacidade e a seguridade da estrada LU-540 que une Viveiro e Cabreiros, a través dunha actuación que suporá un investimento de 15 millóns. “O obxectivo é mellorar a conexión da Mariña coa cidade de Lugo, enlazando a autovía Ferrol-Vilalba”, explicou Rueda.

As obras incluirán actuacións en 35 quilómeros desta vía que se caracteriza por ter moitos treitos con prohibición de adiantamento e curvas de radio reducido. Búscase mellorar a seguridade e reducir os tempos de viaxe.

Para iso vanse habilitar terceiros carrís, reforzarse a seguridade nas interscicións e mellorarase o trazado. O proxecto xa foi sometido a información pública como paso previo para licitar a primeira fase das obras, na contorna de Landrove, cun investimento de 7,8 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE AS UNIVERSIDADES GALEGAS VAN CONCEDER CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AO ALUMNADO QUE VEÑA DE ESTUDAR BACHARELATO DE EXCELENCIA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (STEMBACH)

- Adianta que a medida se aplicará este curso e tamén de xeito retroactivo para os titulados en cursos anteriores
- Destaca que o profesorado implicado tamén obterá un recoñecemento universitario
- Avanza que partir deste curso premiaranse os mellores traballos de investigación realizados por estes estudantes en colaboración coa USC, UVigo e UDC
- Pon en valor a creación da Rede STEMbach para impulsar o programa, facilitarlle recursos aos participantes nel e dar pulo á difusión de proxectos e boas prácticas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que as universidades galegas van conceder créditos de libre configuración ao alumnado que veña de estudar o Bacharelato en Ciencia e Tecnoloxía, coñecido como STEMbach. O obxectivo, segundo precisou, é seguir “reforzando e promovendo” estes estudos, que abren as portas a carreiras científico-tecnolóxicas, “profesións moi demandadas nesta sociedade cada vez máis dixitalizada. E Galicia tamén precisa destes profesionais”, defendeu o mandatario galego.

Deste xeito, o alumnado que supere o STEMbach e que se matricule posteriormente nalgunha das universidades públicas galegas verá recoñecidos con créditos de libre configuración gratuítos este mérito. Participarán, ademais, no programa Mentoring STEMbach de cada universidade.

En total, segundo precisou o presidente, poderán obter 1,5 créditos ECTS por curso académico universitario, ata un máximo de 6 créditos ECTS. Ademais, salientou que é unha medida que se vai aplicar este curso con carácter retroactivo. “É dicir, vanse beneficiar tanto para os que titulen de aquí en diante como para os que xa o fixeron en cursos anteriores”, puxo en valor.

O mandatario galego lembrou que o STEMbach é un programa formativo implantado no curso 2018/19 que fomenta as vocacións científico-tecnolóxicas no alumnado e que supón unha primeira aproximación ao mundo universitario para moitos estudantes. Con este fin, asinará convenios coas tres universidades públicas galegas para reforzar a súa implicación no STEMbach.

Neste curso son 775 os alumnos que cursan este ano o STEMbach, 449 deles en segundo curso, e algo máis de 1.000 os que xa titularon ao abeiro deste programa en anos anteriores e aínda están matriculados na universidade. Deste xeito, o mandatario galego apuntou que se agarda que se poidan beneficiar desta medida arredor de 1800 persoas.

Rueda cualificou este recoñecemento de créditos como a “principal novidade” da estratexia do Goberno galego para reforzar este programa educativo. E, por tanto,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

informouse dela hoxe no Consello da Xunta, no que tamén se deu conta doutras accións, entre as que se atopan o recoñecemento aos mellores traballos de investigación realizados por estes estudantes en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa de Vigo (UVigo) e coa da Coruña (UDC); e a creación da Rede STEMBach para impulsar o programa, facilitarlles recursos aos participantes nel e dar pulo á difusión de proxectos e boas prácticas.

Os alumnos que optan polo STEMBach cursan, a maiores do currículo da modalidade en que estean matriculados, unha materia de afondamento relacionada co ámbito STEM extracurricular de dúas ou tres horas semanais. Ademais, deben realizar un proxecto de investigación e actividades complementarias de formación en colaboración coas universidades públicas de Galicia, entidades ou organismos investigadores, así como con persoas investigadoras de recoñecida competencia.

Ata seis créditos

Os convenios de colaboración que asinará a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coas tres universidades públicas de Galicia incluírán tamén o recoñecemento, a través dun certificado, dos labores desenvolvidos polo profesorado no marco do programa. A Consellería tamén lles concederá un certificado de innovación educativa.

O presidente da Xunta tamén deu conta doutras novidades, como o feito de que por primeira vez, outorgaráselles un recoñecemento aos proxectos de investigación realizados dentro STEMBach. Deste xeito, os mellores traballos de investigación das tres universidades participantes serán defendidos e expostos polo alumnado nun acto central, único e interuniversitario.

Para iso, publicarase unha convocatoria na cal poderán participar os centros que desenvolvan neste curso 2023/24 o STEMBach e cuxos estudantes presenten o traballo de investigación. Todos os centros, profesorado e alumnado recibirán un recoñecemento e mención pola súa participación. Os gañadores recibirán un distintivo para remarcar e subliñar o esforzo e o traballo realizado.

Recursos e difusión de boas prácticas

A maiores, Rueda salientou a creación da Rede STEMBach para impulsar o programa. Trátase dunha estrutura de apoio e reforzo aos axentes implicados na iniciativa con propostas que fomenten a colaboración. No que atinxe ao alumnado, incluírase no seu expediente un recoñecemento oficial por ter cursado este tipo de ensinanzas e terá preferencia para colaborar en determinadas accións específicas das universidades, ademais de obter os devanditos créditos de libre configuración de xeito gratuíto. Tamén se promocionará o seu traballo en feiras e publicacións científicas recoñecidas.

No caso dos docentes de STEMBach, o presidente explicou que se lle facilitará o acceso ás instalacións e equipamentos do Centro de Innovación Educativa e Dixital para a investigación e creación de proxectos, e poderán optar para iso a licenzas de formación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén terán acceso a contidos específicos para o ensino das materias STEM e a un repositorio común de charlas relacionadas con estas disciplinas e difundirase o seu labor en publicacións científicas recoñecidas.

Ademais, organizaranse encontros que poñan en contacto o profesorado e o alumnado do programa para compartir experiencias, dificultades, vantaxes e procedementos de organización e desenvolvemento, e farase un acompañamento do profesorado e alumnado desde a Consellería a través dun espazo virtual común con recursos STEM.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia implantou o programa STEMBach por primeira vez no curso 2018/19 como experiencia piloto e foise consolidando para promover as vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado nas materias STEM e achegalo ao ámbito universitario. Esta iniciativa facilita tamén a adquisición de competencias transversais como a creatividade, o sentido da iniciativa ou a resolución de problemas, así como a mellora das destrezas comunicativas e expresivas, con énfase na comunicación e divulgación científica, nas competencias dixitais e na incorporación da intelixencia artificial.

Ao longo das distintas edicións, teñen participado docentes tan prestixiosos como o xenetista e catedrático de Medicina Legal da USC, Ángel Carracedo. Na edición deste ano colaboran, en concreto, profesionais como Justo Arines (Facultade de Óptica e Optometría da USC), David Facal, Ana Nieto e Sonia María Valladares (Facultade de Psicoloxía da USC), Emilio José Padrón (Facultade de Informática da UDC), María Suárez Taboada e Armand Hernández (Facultades de Informática e de Ciencias da UDC), Antonio Pena (Escola da Enxeñaría de Telecomunicacións da UVigo), Pedro Cuesta (Escola Superior de Enxeñaría Informática da UVigo en Ourense) e Fermín Navarro (Escola de Enxeñaría Aeronáutica da UVigo en Ourense), entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN ESTRATÉXICO DA HORTA BUSCA CONVERTER GALICIA NUN REFERENTE NA PRODUCCIÓN HORTÍCOLA DE CALIDADE, APOSTANDO POLA SUSTENTABILIDADE E O RESPECTO POLO AMBIENTE

- O Consello da Xunta avaliou hoxe este informe, que recolle medidas ata o ano 2030 para responder ás necesidades do sector e que foi consensuado en mesas de participación e entrevistas aos axentes representativos da cadea de valor
- Baséase en información recollida durante diferentes fases de análise e diagnose, tras as que se definiu un obxectivo principal centrado no impulso do crecemento sostible e competitivo deste sector
- Un dos seus fins principais é a diversificación da produción galega e a mellora da súa competitividade
- Este documento está organizado en cinco eixes principais, estruturados pola súa vez en 14 medidas que recollen preto de 70 accións para levar a cabo
- Apoiarase a incorporación de mozos á agricultura ecolóxica e a outras técnicas de produción baseadas na agricultura rexenerativa

O Plan estratéxico da horta ten como fin principal converter Galicia nun referente na produción hortícola de calidade, apostando pola sustentabilidade, a diversidade, o respecto polo ambiente, a innovación e a profesionalidade como pancas para ofrecerlle ao mercado produtos frescos e transformados saudables, o que xerará valor económico e oportunidades de emprego e emprendemento no territorio. O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre este plan, que recolle medidas ata o ano 2030, que busca responder ás necesidades do sector e que foi consensuado en diversas mesas de participación e entrevistas aos axentes representativos da cadea de valor, grazas á colaboración coa Fundación Juana de Vega.

Deste xeito, e baseándose na información recollida durante as fases de análise e diagnose, definiuse un obxectivo principal, centrado no impulso do crecemento sostible e competitivo do sector hortícola en Galicia, promovendo a calidade, a sustentabilidade e a innovación en toda a cadea de valor. Así, este fin último organizouse en cinco grandes eixes, estruturados pola súa vez en 14 medidas, que inclúen preto de 70 accións para levar a cabo.

Obxectivos do Plan da Horta

En primeiro lugar, esta estratexia procura diversificar a produción hortícola galega para mellorar a súa competitividade. Prevese afondar na profesionalización do sector co fin de que conte con produtos de diferentes tempadas, o que favorecerá a rendibilidade dos produtores e fortalecerá o desenvolvemento económico do rural. Para conseguilo, prevese perfeccionar a formación relacionada coa horticoltura, tanto na produción como na transformación, con fin axudarlles aos produtores a desenvolver novas técnicas de cultivo e boas prácticas respectuosas co ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Efectuarase, por exemplo, a través de accións de formación continua dirixidas ao sector produtor, tanto para o eido da produción como o da transformacións. Prevese que nestas formacións se aborden temáticas como as diversas técnicas de produción hortícola e sistemas de cultivo, a mellora xenética do cultivo, a xestión empresarial ou a técnicas de procesamento e envasado. Impulsarase tamén o asesoramento a produtores e facilitarase o acceso a ferramentas dixitais que permitan determinar os custos de produción.

Aumento do tamaño das explotacións

Tendo en conta a realidade deste sector na nosa Comunidade, fundamentado maioritariamente en empresas pequenas, promoverase o aumento do tamaño dos produtores, co fin de conseguir unidades produtivas máis rendibles economicamente, con capacidade para xerar riqueza e emprego no territorio. Para conseguilo, difundiranse os instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria, un mecanismo para impulsar o aumento da superficie produtiva; estableceranse mecanismos de apoio financeiro á posta en produción hortícola de terra recuperada e melloraranse as liñas de axudas.

Neste sentido, o Plan estratéxico da horta procura mellorar a articulación, cooperación e vertebración do sector produtor, polo que se fomentará a colaboración entre os produtores, asociacións do eido e a Administración co fin de facilitar o intercambio de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes elos da cadea.

Diferenciación da produción hortícola

Por outra banda, perséguese unha maior diferenciación comercial da produción hortícola galega mediante a promoción, lembrado que a orixe galega é sinónimo de calidade e do bo facer dos agricultores. Farase a través de campañas publicitarias e promoción dos selos de calidade diferenciada, que garanten unha elaboración sustentable e respectuosa co ambiente. Ademais, este plan estratéxico busca impulsar a investigación no campo dos produtos transformados, co fin de mellorar a súa produción desde a fase do cultivo ata a de transformación.

Neste sentido, afondarase no apoio á incorporación de mozos e mozas á agricultura ecolóxica e a outras técnicas de produción baseadas na agricultura rexenerativa. Tamén se realizarán accións formativas e xornadas de divulgación ao mesmo tempo que se reforza o asesoramento no eido da produción sustentable. A maiores, procurarase reducir a pegada climática e ambiental da produción –atendendo á prevención e tratamento de pragas e á loita contra os desperdicios alimentarios– e fomentaranse as canles curtas de comercialización co fin de eliminar intermediarios no dito proceso.

Seguindo esta liña, impulsarase o coñecemento e a introdución na produción hortícola doutras técnicas de produción baseadas nos principios da agricultura rexenerativa a través da organización de xornadas de divulgación, promovendo a creación de redes e comunidades onde as persoas poidan conectarse, intercambiar ideas e compartir experiencias, ou mesmo creando leiras de experimentación ou demostrativas.

Recoñecer e reivindicar a profesión dos agricultores e produtores hortícolas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno autonómico considera os agricultores e produtores hortícolas a base cadea do sector. Estes traballadores desempeñan un papel fundamental na sociedade, xa que son un eido clave na xestión do territorio, na sustentabilidade ambiental e na preservación da paisaxe, así como na produción de alimentos saudables e a súa contribución ao desenvolvemento socioeconómico do rural en Galicia.

Promoveranse campañas institucionais para pór en valor a súa profesión e introduciranse actividades nos colexios e escolas, como visitas a explotacións hortícolas, co fin de visibilizar desde idades temperás a importancia do coñecemento do medio e dos efectos da alimentación de proximidade sobre a saúde, pondo o foco nas persoas que o fan posible.

Mellora da sustentabilidade da produción agrícola

No relativo a este eido, tal e como se reflicte neste novo Plan estratéxico da horta, o Goberno galego traballa con políticas de redución do impacto ambiental do sistema agroalimentario marcadas pola Unión Europea, reflectidas na Estratexia sobre a biodiversidade e na Estratexia da granxa á mesa, por un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co ambiente.

O Plan estratéxico da horta recolle tamén obxectivos, accións e medidas dedicados especialmente ás indicacións xeográficas protexidas. Seguindo esta liña, afondarase na súa promoción e profesionalización, botando man da nova Lei da calidade alimentaria, recentemente aprobada no Parlamento.

Investigación e transferencia de coñecemento

Un dos principios en que se basea este plan é a promoción de investigación no sector hortícola e a transferencia de coñecemento, co obxectivo de avanzar no desenvolvemento de solucións e tecnoloxías adaptadas ás necesidades e retos específicos do sector agrario galego e lograr o seu fortalecemento. Para facelo, prevese a organización de xornadas de demostración; o fomento da colaboración entre os centros de investigación e os produtores; a creación de programas de formación e capacitación específicos sobre boas prácticas agrícolas, manexo de solo ou rotación de cultivos. Cabe sinalar que ao longo de todo o plan estratéxico se prevé a mellora, o aumento e a creación de novas liñas de axuda para impulsar este eido.

Ademais, fomentarse a elaboración de produtos transformados –eido no cal a investigación é fundamental– apostando pola calidade, xa que é unha oportunidade para que os produtores poidan mellorar a súa capacidade de xerar valor engadido nas súas producións.

A horticoltura na nosa Comunidade

Con todo, é importante lembrar que o sector hortícola goza dunha gran relevancia no agro galego, xa que é o terceiro eido máis importante e conta con gran peso económico no referido ao valor total da produción agraria. Ademais, Galicia ocupa a cuarta posición a nivel nacional en termos de valoración económica da súa produción, xa que representa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o 8,5 % da produción hortícola española, só por detrás de Andalucía, Murcia e Castilla-La Mancha.

Esta produción foi a terceira máis importante da Comunidade no ano 2019, cun peso do 17,50 % sobre o total da produción da rama de actividade agraria. O valor económico da produción hortícola galega en termos de prezos pagados ao agricultor en 2019 supuxo 666 millóns de euros. Dentro da horta galega, a produción de maior importancia é a de hortalizas, con case o 60 % do peso, seguida das patacas, con máis dun terzo do total.

Neste sentido, a superficie cultivada de horta en Galicia mantén unha tendencia xeral de crecemento e acadou neste último ano as 9.459,53 hectáreas cultivadas. As principais producións hortícolas en Galicia con destino ao mercado son a pataca, o pemento, o tomate, o feixón, a cebola, o repolo e a leituga. A produción total é de máis de 683.587 toneladas, das cales aproximadamente o 43 % vai destinado ao mercado (291.350 toneladas) e o resto ten como destino principal o autoconsumo.

Datos coma estes xustifican a necesidade de desenvolver unha estratexia para o sector, co obxectivo de analizar a súa situación e establecer unha folla de ruta que permita fortalecer un eido que ten amosado capacidade de xeración de valor, riqueza e emprego nos espazos rurais da nosa Comunidade.

Apoio da Xunta ao sector

Cabe sinalar que a Xunta de Galicia ten en activo outras estratexias sectoriais para apoiar o sector primario, un pilar básico para a economía da Comunidade. En primeiro lugar, destaca a Estratexia de dinamización do sector lácteo, para garantir a súa estabilidade e sustentabilidade no funcionamento da cadea de valor, sobre todo no referido aos prezos do leite.

Por outra banda, a Estratexia do sector cárnico pretende situar Galicia como rexión de referencia na produción de carne, cun alto nivel de competitividade e sustentabilidade. Ademais, o Goberno galego puxo en marcha a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, centrada en impulsar a competitividade dos viños galegos nos mercados nacionais e internacionais, destacando a singularidade das terras que os producen e convertendo a comunidade nun destino enoturístico de referencia.

Por último, a Lei da calidade alimentaria –que traballará de preto co Plan da horta– configurarase como un elemento fundamental na aposta do Goberno galego a prol da calidade destas producións e contribuirá a terminar de consolidar nos diferentes mercados, e con todas as garantías para as persoas consumidoras, os produtos alimentarios producidos, elaborados e comercializados na nosa comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DUN CENTO DE EMPRESAS DA TRANSFORMACIÓN E VENDA DE PRODUTOS DO MAR SE BENEFICIAN DAS AXUDAS DA XUNTA PARA COMPENSAR SOBRECUSTOS POLA GUERRA DE UCRAÍNA

- O esencial segmento industrial da actividade marítimo-pesqueira de Galicia dispuxo dun apoio autonómico que non se habilitou por parte do Estado
- Contribuirán a paliar os altos prezos que pagaron por materias primas como a fariña, o pan relado ou os aceite, tamén os envases, os gases refrixerantes e a luz e o gas

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre a resolución das axudas de carácter compensatorio ás empresas de comercialización por xunto e de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura polos custos adicionais en que incorreron como consecuencia da guerra de Ucraína. Esta convocatoria extraordinaria do Executivo galego foi convocada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do pasado 24 de agosto e permitiu que un total de 104 empresas conten con apoio ante a suba de custos que afectou a súa actividade produtiva. A pesar de ser estratéxica, a industria ligada á actividade marítimo-pesqueira de Galicia non percibiu ningún tipo de apoio por parte do Goberno central.

Estas axudas, cofinanciadas ao 75 % polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), forman parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobilizou no ano 2023 para contribuír a paliar o impacto que a suba de prezos provocada pola invasión rusa de Ucraína tivo na cadea mar-industria galega. Dotadas en conxunto con preto de 15 millóns de euros, dirixíronse tamén á frota pesqueira e tamén ao sector da acuicultura.

A resolución das axudas para a transformación e a comercialización de produtos do mar deixa un total de 104 beneficiarios, os cales, entre outros gastos, poderán compensar o incremento que padeceron nos prezos da fariña, do pan relado e do aceite de oliva e xirasol. Tamén permite afrontar parte do sobrecusto que tiveron nos envases e embalaxes de madeira, cartón, plástico, vidro e tamén dos de metal, entre eles as latas das conservas. Tamén responde ás altas facturas que aboaron polo cloro, gases refrixerantes e en enerxías como a electricidade e o gas.

Tras a resolución foron 6,32 millóns de euros os destinados a esta liña de subvención ao sector transformador, para o cal a Xunta é a única Administración que habilita recursos.